

RESOLUCIÓN DO 5 DE MARZO DE 2021, DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDA DE ACCESO LIBRE E CONCURSO, CONVOCADO POR ORDE DO 8 DE XULLO DE 2020 DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (DOG DO 10 DE XULLO).

Na sesión que tivo lugar o día 5 de marzo de 2021, o tribunal que cualifica este proceso selectivo, nomeado por Orde do 26 de novembro de 2020 (DOG núm. 249 do 11 de decembro), unha vez realizadas a proba de avaliación dos coñecementos e a da lingua galega no Recinto feiral de Silleda, o pasado día 26 de febreiro,

ACORDOU:

PRIMEIRO. Feita a corrección dos exames deste primeiro exercicio, segundo o establecido nas Bases da convocatoria, acórdase publicar na sede da AGASP e na súa páxina web, como Anexo I a esta Resolución, a listaxe das persoas aspirantes coas cualificacións obtidas no primeiro exercicio por orde decrecente da puntuación.

Os restantes aspirantes que non figuran nesta listaxe quedan eliminados por non presentarse.

SEGUNDO. Publicar na sede da AGASP e na súa páxina web, como Anexo II a esta Resolución, a listaxe das persoas aspirantes declaradas aptas na proba de coñecemento da lingua galega.

Os restantes aspirantes con obriga de realización deste exame que non figuran nesta listaxe quedan eliminados por non presentarse.

TERCEIRO. De acordo co establecido nas bases da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas a súa cualificación, no prazo de cinco días que se contarán dende a publicación desta resolución.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

A Estrada, 5 de marzo de 2021

A Presidenta do tribunal

